



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

ORDENANZA MUNICIPAL SOBRE LIMPIEZA E ORNATO DAS VÍAS E ESPACIOS PÚBLICOS E MOBILIARIO URBANO.-

TÍTULO PRELIMINAR: DISPOSICIÓNS XERAIS:

Art. 1.- A presente ordenanza ten por obxecto a regulación, no termo municipal de Friol da limpeza e ornato xerais dos inmobles públicos e privados no termo municipal, así como as actividades de publicidade ou propaganda en espazos públicos.

Art. 2.- No que non esté regulado expresamente na presente ordenanza estarase á normativa Estatal e Autonómica que sexan de aplicación ó respecto. A presente ordenanza terá carácter xeral respecto das normas municipais especiais que o Concello poida establecer para sectores específicos de actividades con incidencia no ámbito regulado pola ordenanza, aplicándose, en todo caso, con carácter supletorio, no que non esté previsto en ditas normas.

Capítulo I: Da limpeza e ornato das vías e espazos públicos e dos inmobles en xeral.-

Art. 3.- A limpeza das vías e espazos de dominio e uso público local corresponderá ó Concello, constituíndo un servizo público municipal que se prestará a través de calquera dos modos de xestión establecidos na lexislación vixente. A limpeza das rúas e soares de dominio privado deberá efectuarse polos seus propietarios.

Art. 4.- Os propietarios dos edificios teñen a obriga de manter en constante estado de limpeza as diferentes partes dos inmobles que sexan visibles desde a vía pública, debendo proceder ó seu pintado, remoción ou lavado, mantendo as condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade e ornato o da edificación nos termos establecidos na lexislación urbanística e demais normativa sectorial de aplicación. Os propietarios dos baixos deberán cerralos debidamente, con ladrillo ou bloque, procedendo ó seu pintado ou caleado de acordo coa normativa vixente. O concello poderá ordear-la execución das obras necesarias para garanti-lo cumprimento dos citados deberes.

Art. 5.- Os propietarios de terreos e demais edificacións, de conformidade coas previsións contida na vixente lexislación urbanística, deberán mantelos en condición de seguridade, salubridade e ornato público, e con sujeción ás normas sobre protección do medio ambiente; inclúense os soares no casco urbano que linden coa vía pública, que deberán estar valados con peches permanentes situados na alineación oficial e mantidos libres de residuos e en condicións de hixiene, seguridade e ornato. No referente á altura dos peches e a construción dos mesmos, estarase ó que dispoñan o planeamento e a lexislación urbanística.

Art. 6.- No referente á colocación de publicidade, carteis, pancartas e adhesivos requirirá en todo caso autorización e non se permitirá a colocación de elementos publicitarios en:

- Espazos libres públicos e elementos de mobiliario urbano.
- Postes de iluminación, semáforos e sinais de tráfico.
- Muros, peches e cercas, a excepción de lugares habilitados para tal fin.

Dun xeito provisional e en ocasións excepcionais como feiras, festas, exposicións ou congresos, o Concello poderá autorizar anuncios non comerciais limitados ó tempo que dure o acontecemento, que de inmediato deberán retirarse unha vez que acabe o mesmo.

Art. 7.- O mobiliario urbano existente nos parques, xardíns e zonas verdes, consistente en bancos, xogos infantís, fontes, sinalización, farolas e elementos decorativos como adornos, estatuas, etc., deberá manterse no máis adecuado e estético estado de conservación. Os causantes do seu deterioro ou destrución serán responsables non soamente de resarcir todo dano producido, senón que serán sancionados administrativamente dacordo coa falta cometida. Ademais serán sancionados os que facendo un uso indebido de tales elementos perxudiquen a boa disposición e utilización dos mesmos polos usuarios de tales lugares.

Os danos que se causen, incluíndo a realización de inscricións ou pintadas e a colocación de carteis ou adhesivos, serán así mesmo sufragados polas persoas que os ocasionasen, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades que procedan.

Art. 8.- Queda prohibido repartir ou lanzar carteis, folletos ou follas soltas, ensuciando os espazos públicos así como a colocación de publicidade en lugares non autorizados. Terá a consideración de acto independente para o efecto de sanción cada actuación separada no tempo ou no espazo, contraria ó anteriormente establecido, sendo responsables da infracción aquelas persoas físicas ou xurídicas que



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

promovan ou xestionen a publicidade e, en defecto delas e salvo proba en contrario, aquelas a favor de quen se faga a mesma.

Os folletos publicitarios depositaranse nas caixas de correos ou lugares designados, nunca dun xeito que se poidan espaxear pola vía pública.

Sen prexuízo das sancións ás que houberse lugar tipificadas nesta ordenanza, correrán cos gastos de limpeza ocasionados por tal actitude as empresas ou persoas físicas anunciadas, salvo denuncia expresa, ou os autores da súa colocación de lograrse a súa identificación.

Art. 9.- Co obxecto de mante-las condicións de limpeza e pulcritude que esixe o ornato e a estética do concello, queda prohibido:

- a) Colocar carteis en paredes, muros, quioscos, fachadas, farolas, enreixados, valos, papeleiras, contedores, marquesiñas de parada de autobús, mobiliario urbano en xeral.
- b) Prohibese a realización de toda clase de pintadas na vía pública; tanto sobre os seus elementos estruturais (beirarrúas, calzadas, mobiliario urbano) como sobre os muros ou fachadas dos edificios.
- c) O espaxemento de folletos ou follas de publicidade pola vía pública.

Art. 10.- Queda prohibida a colocación de pancartas en calquera dos elementos estruturais existentes no casco urbano: edificios, muros, pontes, beirarrúas, así como nos elementos do mobiliario urbano e similares.

A colocación de pancartas soamente poderá autorizarse:

- En período de eleccións políticas.
- En período de festas populares ou tradicións ou eventos culturais ou deportivos de especial interese.
- En situacións que expresamente se sinalen polo Concello.

Deberán retirarse no prazo dos 10 días seguintes ó do vencemento do prazo para o que foron autorizadas.

Art. 11.- Durante todo o ano a publicidade colocarse unicamente nos lugares autorizados. Durante os períodos electorais e aqueles outros de xeral participación cidadá, nos que sexa pertinente a realización de actos de propaganda e publicidade, o Concello de Friol fixará, de conformidade co que se dispoña na respectiva normativa, espazos especialmente reservados para a súa utilización como soportes publicitarios.

Para os efectos de sancións a que houberse lugar en relación a este artigo serán responsables o Presidente Local ou cargo de máxima responsabilidade do Partido na localidade, ou de tratarse de Eleccións Locais, o cabeza de lista do Partido ou da Agrupación que se presente.

Capítulo II: Réxime sancionador.-

Art. 12.- O Concello incoará de oficio expedientes sancionadores baseándose nas denuncias dos servizos municipais ou da Policía Municipal polas infraccións que se produzan en relación coas normas da presente ordenanza. Todo elo sen perxuízo de que toda persoa natural ou xurídica poderá denunciar ante o Concello as infraccións da presente ordenanza.

Art. 13.- As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas na presente Ordenanza serán esixibles non soamente polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas de quen se deba responder e polo proceder dos animais ou cousas que se fose propietario.

Cando se trate de obrigas colectivas, a responsabilidade será atribuída á respectiva comunidade de propietarios ou habitantes do inmovible cando non estea constituída e, para o efecto, as denuncias formularanse contra o mesmo ou, se é o caso, a persoa que ostente a súa representación.

Art. 14.- Consideraranse infraccións administrativas en relación coas materias a que se refire esta Ordenanza os actos ou omisións que contraponían o establecido nas normas que integren o seu contido. As infraccións clasificaranse en **LEVES e GRAVES**, conforme se establece nos artigos seguintes.

Art 15.- Para impoñer unha sanción derivada dunha infracción recollida na presente ordenanza deberá incoarse o oportuno expediente sancionador, que se tramitará de conformidade co Real Decreto 1.398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, e a normativa vixente en materia de procedemento administrativo común. A competencia para a incoación dos expedientes e imposición das sancións corresponde á Alcaldía ou a



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Delegación desta, excepto que a lexislación sectorial estatal ou autonómica atribúan a competencia a órganos doutra Administración.

Art. 16.- Consideranse Infraccións Leves:

- a) Non manter en constante estado de limpeza as diferentes partes dos inmobles que sexan visibles desde a vía pública, sen prexuízo do establecido na lexislación urbanística.
- b) Raspar, ensuciar ou arrincar carteis ou anuncios colocados nos lugares autorizados ou colocalos en lugares non autorizados. Neste caso aplicarase a falta por cartel.
- c)) Usar inadecuadamente o mobiliario urbano.
- d) Deixar publicidade (panfletos, etc.) nos limpaparabrisas de vehículos estacionados na vía pública ou tirala nos portais ou repartida fóra do autorizado na presente ordenanza.

Art. 17.- Consideraranse Infraccións Graves:

- a) Realizar pintadas, graffitis, etc. en mobiliario urbano, xogos infantís ou en lugares non destinados para tal fin.
- b) Realizar actos de propaganda mediante reparto lanzamento de carteis, folletos, follas soltas, etc., que ensucien os espazos públicos.
- c) A pegada de carteis ou publicidade nos contenedores, farolas, marquesiñas e demais elementos de mobiliario urbano
- d) O grave deterioro ou destrución de elementos do mobiliario urbano.
- e) A reincidencia en tres infraccións leves

Art. 18.- Establécese o seguinte cadro de sancións:

- a) **FALTAS LEVES:** Apercibimento e multas de 50 euros a 100 euros.
- b) **FALTAS GRAVES:** Multas de 100 euros a 500 euros.

Artigo 19.- Para determina-la coantía da sanción aterase ás circunstancias concorrentes nos feitos que a motivaron, tales como natureza da infracción, grao de intencionalidade e reincidencia así como aqueles factores que poidan considerarse como atenuantes ou agravantes.

Artigo 20.- As sancións impostas ó abeiro da presente ordenanza reduciranse na súa coantía nun 30%, no caso de que sexan aboadas no prazo de quince días a partir da notificación da multa ou sanción e o infractor mostre por escrito a súa conformidade con éstas e renuncie expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Artigo 21.- A prescrición das faltas producirase:

- **INFRACCIÓNS LEVES:** 6 meses.
- **INFRACCIÓNS GRAVES:** 2 anos.

Disposición final:

Esta ordenanza, aprobada inicialmente polo Pleno na sesión celebrada o 31 de xaneiro de 2008 e entrará en vigor unha vez se publique o seu contido na forma e coas condicións que establece o punto 2º do artigo 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e transcorra o prazo previsto no artigo 65 da mesma Lei.